



**gáliz**

Asociación Galega do  
Libro Infantil e Xuvenil



Santiago de Compostela, febreiro 2017

Prezados/as amigos/as:

Como ben sabedes, o día **2 de abril** celébrase en todo o mundo o **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL** para conmemorar o nacemento de Hans Christian Andersen. A OEPLI, xunto coas súas catro seccións -Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, Consell Catalá del Llibre Infantil i Juvenil-ClijCAT, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil-GÁLIX, e Galtzagorri Elkarte-, como todos os anos quere conmemorar ese día con todos os/as alumnos/as de Primaria e 1º Ciclo de Secundaria de Galicia e para isto convocamos o concurso "**ANDERSEN HOXE**", cuxas bases achegamos.

Como membros do IBBY e coa intención de que en todos os países do mundo se celebre o Día Internacional do Libro Infantil pedímosvos que dende o centro escolar se difunda a mensaxe do poeta Sergey Makhotin e o cartel do ilustrador Mikhail Fedorov, que este ano preparou a sección do IBBY - Rusia e que, coa versión nas catro linguas oficiais atoparedes na web da OEPLI: <http://www.oepli.org>, en galego: <http://www.oepli.org/pag/gl/dia.php> e <http://www.galix.org/>

Agradecendo por adiantado o voso apoio e participación, recibide un afectuoso saúdo.

O presidente de GÁLIX  
Xosé A. Perozo

**gáliz**  
asociación  
galega  
do libro  
infantil e xuvenil